

AMPARO TABOADA GIL, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

CERTIFICA: Que o PLENO DA CORPORACIÓN da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 25 de outubro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

28. Aprobación da modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de adquisición dun camión de caixa basculante con grúa.

Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Mañón polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de adquisición dun camión de caixa basculante con grúa, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

"XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de OUTUBRO de 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A esta data o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

2. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Presidente na Coruña.

A secretaria xeral: Amparo Taboada Gil (asinado dixitalmente)

O presidente en funcións: Xosé Regueira Varela (asinado dixitalmente)